

Orde de xxxx pola que se modifica a Orde do 8 de xullo de 2019 pola que se crea e se regula a composición, funcionamento e organización do Consello Técnico de Atención Primaria.

O 19 de xullo de 2019 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 8 de xullo de 2019 pola que se crea e se regula a composición, funcionamento e organización do Consello Técnico de Atención Primaria.

Tal e como se expoñía na propia orde, o proceso de definición estratéxica do novo modelo de Atención Primaria será desenvolvido a través do Consello Técnico de Atención Primaria, que realiza funcións en relación cos aspectos científicos, sociais e profesionais no ámbito da atención primaria, dende unha visión multidisciplinar, que se reflicte na súa composición.

O artigo 26 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece que este tipo de órganos poderán incluír, ademais do persoal e dos representantes do equipo directivo que se considere, entre outros, representantes dos colexios profesionais sanitarios, sociedades científicas, asociacións, entidades locais e as persoas consumidoras e usuarias, así como persoas físicas e xurídicas de recoñecido prestixio no campo das ciencias da saúde.

Recentemente o Decreto 71/2021, do 29 de abril, polo que se modifica o Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, modificou a estrutura dos órganos superiores e de dirección que actualmente integran a Consellería de Sanidade, creando unha Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria. A creación deste centro directivo propio e independente permite cubrir, nestas circunstancias de emerxencia sanitaria derivada da COVID-19, a necesidade de acelerar os procesos de elaboración dunha Estratexia galega de saúde que fixe as prioridades transversais das distintas unidades da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, así como de implementación das medidas derivadas da conclusión dos traballos de reforma do modelo de Atención Primaria.

Porén, cómpre adaptar a composición do Consello Técnico de Atención Primaria para dar entrada a este novo órgano directivo cuxo ámbito competencial tan relacionado está coas funcións do propio Consello Técnico de Atención Primaria.

Na súa virtude, e no uso das competencias atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do artigo 3.2 da Orde do 8 de xullo de 2019 pola que se crea e se regula a composición, funcionamento e organización do Consello Técnico de Atención Primaria.*

Modifícase o artigo 3.2 da Orde do 8 de xullo de 2019 pola que se crea e se regula a composición, funcionamento e organización do Consello Técnico de Atención Primaria, que queda redactado nos seguintes termos:

“2. As persoas integrantes do consello serán nomeadas e cesadas pola persoa titular da Presidencia do Servizo Galego de Saúde, e entre elas, contarase cando menos:

- Cunha vogalía por proposta da Sociedade Española de Médicos de Atención Primaria (Semergen).
- Cunha vogalía por proposta da Sociedade Española de Médicos Generales y de Familia (SEMG).
- Cunha vogalía por proposta da Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria (Agamfec).
- Cunha vogalía por proposta da Asociación Galega de Pediatría de Atención Primaria (Agapap).
- Cunha vogalía por proposta da Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria (Agefec).
- Cunha vogalía por proposta da Sociedade Galega de Fisioterapeutas (Sogafi).
- Cunha vogalía por proposta da Asociación Española de Trabajo Social y Salud en Galicia (AETSYS).
- Cunha vogalía por proposta da Asociación de Farmacéuticos de Atención Primaria de Galicia (FAPsGal).
- Cunha vogalía por proposta da Asociación Galega de Médicos de PAC (Agampac).
- Cunha vogalía por proposta da Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública (AGDSP).
- Cunha vogalía por proposta da Asociación Galega de Matronas (AGAM).
- Cunha vogalía por proposta da Asociación Galega de Enfermaría Pediátrica (AGAEP).
- Cunha vogalía por proposta da Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia.

- Cunha vogalía en representación da categoría de persoal de servizos xerais (PSX) proposta polo Servizo Galego de Saúde.
- Cunha vogalía por proposta de cada unha das organizacións sindicais con representación na mesa sectorial de sanidade.
- Cunha vogalía por proposta da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).
- Con dúas vogalías por proposta das asociacións que forman parte do Consello Asesor de Pacientes do Servizo Galego de Saúde.
- Cunha vogalía por proposta dos colexios oficiais de médicos de Galicia.
- Cunha vogalía por proposta dos colexios oficiais de enfermaría de Galicia.
- Cunha vogalía por proposta dos colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia.
- Cunha vogalía por proposta do Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia.
- Cunha vogalía por proposta do Colexio Oficial de Traballadores Sociais de Galicia.
- Cunha vogalía por proposta do Consello Galego de Odontólogos e Estomatólogos.
- Cunha vogalía por proposta da consellería con competencias en materia de educación.
- Cunha vogalía por proposta da consellería con competencias en materia de servizos sociais.
- Cunha vogalía de entre os/as profesionais do ámbito do centro directivo con competencias en asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde.
- Cunha vogalía de entre os/as profesionais do ámbito do centro directivo con competencias en recursos económicos do Servizo Galego de Saúde.
- Cunha vogalía de entre os/as profesionais do ámbito do centro directivo con competencias en Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.
- Cunha vogalía de entre os/as profesionais do ámbito do centro directivo con competencias en Tecnoloxías da Información da Consellería de Sanidade.
- Cunha vogalía de entre os/as profesionais do ámbito do centro directivo con competencias en Saúde Pública da Consellería de Sanidade.
- Cunha vogalía de entre os/as profesionais do ámbito do centro directivo con competencias en Formación do Servizo Galego de Saúde.
- Cunha vogalía por proposta da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061.



_Cunha vogalía de entre os/as profesionais do ámbito do centro directivo con competencias en planificación e reforma sanitaria da Consellería de Sanidade.”

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orden entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, xx de xxx de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

